

Obxectivos:

Os Fondos Europeos constituíron sempre un instrumento de gran importancia para o desenvolvemento de Políticas rexionais, sociais ou estruturais en Europa e en España.

No ano 2013, o Lexislador europeo aprobou o novo «paquete lexislativo» que regulará os Fondos Europeos para os próximos anos.

O obxectivo deste curso monográfico é analizar, desde unha perspectiva pluridisciplinar (xurídica, técnica, administrativa e académica), non só o novo marco normativo europeo senón tamén a súa execución en España, abordando cuestións cruciais coma a distribución de competencias entre as distintas administracións (europea, estatal ou autonómica), os obxectivos e prioridades temáticas de cada Fondo, os elementos comúns de xestión de todos eles ou a funcionalidade dos contratos administrativos e das subvencións como instrumentos de execución. Desta maneira, o curso monográfico pretende constituírse nun foro de análise e reflexión sobre os Fondos Europeos que permita aos distintos actores implicados (administracións, empregados públicos, beneficiarios, etc.) desenvolverse con seguridade no novo marco regulatorio e operativo.

Destinatarios:

Empregados das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local, das universidades do Sistema Universitario de Galicia, persoal das entidades do sector público, xuristas, profesionais e persoas interesadas en xeral.

Convocatoria:

DOG núm. 58, do 28 de marzo de 2016.

Lugar de desenvolvemento:

Escola Galega de Administración Pública (EGAP).
R/ Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Información e matrícula:

Teléfonos: 981 546 239/ 981 546 241

Correo: novas.egap@xunta.es // Web: <http://egap.xunta.es>

Dirección académica: *Jesús Fuentetaja Pastor*, profesor titular de Dereito Administrativo - UNED.



**XUNTA
DE GALICIA**



galicia

EGAP ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

CURSO MONOGRÁFICO

**OS NOVOS FONDOS EUROPEOS
E A SÚA EXECUCIÓN EN ESPAÑA**

Santiago de Compostela, 7 e 8 de abril de 2016



PROGRAMA

XOVES, 7 DE ABRIL

Mañá

- 09:30 h. **Inauguración.**
- 10:00 h. **Novos e permanentes retos para os Estados Membros na xestión dos Fondos Europeos.**
Javier Guillem Carrau, Servizo Xurídico da Comisión Europea.
- 11:00 h. Pausa-Café.
- 11:30 h. **Os Fondos Europeos en España 2014-2020 (Acordo de asociación e xestión compartida entre administracións).**
María José Muñoz Martínez, vogal asesora da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios - Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- 12:45 h. **O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.**
Mercedes Fuertes López, catedrática de Dereito Administrativo - Universidade de León.
- 14:00 h. Pausa-Comida.

Tarde

- 16:00 h. **O Fondo Social Europeo.**
Juan Manuel Sánchez-Terán, Unidade de Programación do Fondo Social Europeo en España.
- 17:00 h. **Mesa Redonda: A implementación dos Fondos no novo período de programación 2014-2020.**
Moderador:
Jesús Fuentetaja Pastor, director académico do curso, profesor titular de Dereito Administrativo - UNED.
Integrantes:
 - *Juan Manuel Sánchez-Terán.*
 - *Guzmán García González-Posada. Unidade administradora do Fondo Social Europeo.*
 - *Ana Belén Sanz Trigo. Fondo Social Europeo.*

VENRES, 8 DE ABRIL

- 09:30 h. **Programas e Proxectos como marco político estratéxico dos Fondos Europeos.**
Guzmán García González-Posada, Unidade administradora do Fondo Social Europeo.
- 10:30 h. **Os contratos administrativos como instrumentos de execución dos Fondos Europeos.**
David Ordóñez Solís, xuíz do Contencioso-Administrativo, membro da Rede Xudicial de Especialistas en Dereito Europeo.
- 11:30 h. Pausa-Café.
- 12:00 h. **As subvencións como instrumentos de execución dos Fondos Europeos.**
Ana Belén Sanz Trigo - Fondo Social Europeo.
- 13:00 h. **Os fondos europeos en Galicia: período 2014-2020.**
Ángel Luis Tarrío Tobar, subdirector xeral de planificación da Consellería de Facenda.
- 14:00 h. Clausura.



NOTA: Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación. As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola.